

Calendario para o inicio do curso, datas das presentacións e dos actos de asignación de horarios

Curso 2022/23

- **ACTO DE ACOLLEMENTO E PRESENTACIÓN DO CURSO PARA O ALUMNADO NOVO NO CENTRO**

O xoves 8/9/22 ás 17:00 no auditorio do centro. O aforo desta sala é limitado polo que só poderá asistir o alumnado de novo ingreso no centro xunto con un único acompañante.

Neste acto darase información básica sobre o calendario escolar, os estudos e actividades que se desenvolverán durante o curso, o funcionamento xeral do centro, e tamén sobre o procedemento para asignación de horario e profesor/a nas diferentes materias, a máis de resolver as dúbidas que poidan xurdir ao respecto.

- **ACTOS DE ASIGNACIÓN DE HORARIO DAS DIFERENTES MATERIAS**

O horario e grupo de todas as materias grupais, salvo Música de Cámara e Repentización e Acompañamento, foi asignado no mes de xullo (pódese consultar a asignación en centrosnet). A asignación de horario das demais materias farase de maneira presencial no mes de setembro nas datas que se indican neste documento.

A información xeral sobre a asignación de horarios e grupos para o curso 2022-23 pódese consultar no documento [Información sobre a asignación horarios](#) dispoñible na web do centro.

Os alumnos e alumnas, ou as persoas que as representen, deberán asistir aos actos de asignación de horario na hora que indicada a continuación. A non asistencia do alumno ou alumna, ou do seu representante (pai, nai ou persoa habilitada para tal fin), no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

O alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro, así coma o alumnado con discapacidade acreditada superior ao 33% e o alumnado con 3 ou máis membros da familia matriculados no centro, serán convocados pola xefatura de estudos para a asignación do seu horario.

- **MÚSICA DE CÁMARA: venres 9/9/22 ás 16:00 no auditorio do centro.**

O chamamento farase empezando polos grupos máis numerosos e, no caso de seren varios, pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "T", de calquera

dos alumnos/as de cada grupo. Os grupos publicaranse no taboleiro do centro nos día anterior ao acto de asignación de horario.

- **REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO** para a especialidade de Guitarra:
venres 9/9/22 ás 18:30 na aula de orquestra.

O chamamento farase empezando polos grupos de menor a maior curso e, no caso de coincidir varios, pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra “T”, de calquera dos alumnos/as de cada grupo. Os grupos publicaranse no taboleiro do centro nos día anterior ao acto de asignación de horario.

- **REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO** para a especialidade de Piano:
venres 9/9/22 ás 18:30 na biblioteca do centro.

O chamamento farase empezando polos grupos de menor a maior curso e, no caso de coincidir varios, pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra “T”, de calquera dos alumnos/as de cada grupo. Os grupos publicaranse no taboleiro do centro nos día anterior ao acto de asignación de horario.

- **INSTRUMENTO**

O chamamento para a elección de horario farase de menor a maior idade. O profesor/a asignado poderase consultar en centrosnet o día anterior ao do acto de asignación de horario. Tamén se publicará a dispoñibilidade horaria de cada profesor/a na web e no taboleiro do centro o día anterior ao acto de asignación de horario.

Datas e horarios dos actos de asignación de horario da materia de instrumento:

- PIANO: luns 12/9/22 ás 16:30 no auditorio do centro.
- PERCUSIÓN: luns 12/9/22 ás 16:30 na aula de orquestra.
- TROMPETA: luns 12/9/22 ás 16:30 na biblioteca do centro.
- TROMPA: luns 12/9/22 ás 16:30 na aula 26.

- TROMBÓN: luns 12/9/22 ás 19:00 na aula Cámara 1.
- TUBA: luns 12/9/22 ás 19:00 na aula Cámara 2.
- GUITARRA: luns 12/9/22 ás 19:00 no auditorio do centro.
- CANTO: luns 12/9/22 ás 19:00 na aula 26.

- CONTRABAIXO: luns 12/9/22 ás 19:00 na biblioteca do centro.
- VIOLÍN: luns 12/9/22 ás 19:00 na aula de orquestra.

- VIOLONCHELO: martes 13/9/22 ás 16:30 na biblioteca.
- VIOLA: martes 13/9/22 ás 16:30 na aula 26.
- FAGOT: martes 13/9/22 ás 16:30 na aula Cámara 2.
- SAXOFÓN: martes 13/9/22 ás 16:30 no auditorio do centro.

- FRAUTA: martes 13/9/22 ás 19:00 na biblioteca do centro.
- ÓBOE: martes 13/9/22 ás 19:00 na aula 26.
- CLARINETE: martes 13/9/22 ás 19:00 no auditorio do centro.

- PIANO COMPLEMENTARIO: mércores 14/9/22 no auditorio do centro.

A asignación de profesor/a e horario farase de maior a menor curso e, dentro de cada curso, de menor a maior idade.

O horario do acto de asignación de horario e profesor/a é o seguinte:

- Alumnado de calquera curso que queira clase en horario de mañá (antes das 16 horas): mércores 14/9/22 ás 16:00 no auditorio do centro.
- Alumnado de 6º G. P.: mércores 14/9/22 ás 17:00 no auditorio do centro.
- Alumnado de 5º G. P.: mércores 14/9/22 ás 18:00 no auditorio do centro.
- Alumnado de 4º G. P.: mércores 14/9/22 ás 19:00 no auditorio do centro.
- Alumnado de 3º G. P.: mércores 14/9/22 ás 20:00 no auditorio do centro.

• SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO E/OU HORARIO

En setembro ábrese un 2º prazo para solicitar cambio no grupo e/ou horario inicialmente adxudicado para calquera materia. Ditas solicitudes poderanse entregar na secretaría do centro do 10/9/22 ata o 16/9/22. A resolución das mesmas comunicárase a cada un dos solicitantes a partir do 20/9/22.

- **INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA ORDINARIA**

As clases das diferentes materias comezarán no seu horario ordinario o día 15/9/22.

IMPORTANTE: as datas e prazos deste documento poderán sufrir modificacións debido as necesidades organizativas do centro. Calquera modificación ou actualización deste documento será publicada na web do centro.